

LISTA DE ASISTENTES

Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
Pedro Comesaña Alfaro
Rebeca P. Días Redondo
Mónica Fernández Barciela
Alberto Gil Solla
Martín Llamas Nistal
Cristina López Bravo

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de sete de febreiro de dous mil dezanova, reunida ás 11:00h na sala A010 (acristalada) da EE de Telecomunicación.

O Xoves **día 7 de febreiro de 2019**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

Desculpan asistencia:

José Ramón Fernández Bernárdez

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Aprobación, se procede, dos orzamentos e distribución de bolsas de mobilidade para 2019.
- 4.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Mariem Hmila; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 5.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Carmen Magariños Iglesias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 6.- Aprobación, se procede, da proposta de asignación de directores de tese.
- 7.- Aprobación, se procede, da expresión de interese na modificación do programa de doutoramento.
- 8.- Análise de resultados da enquisa realizada a titores e directores de tese de doutoramento
- 9.- Asuntos de trámite
- 10.- Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa de:

1. Non hai novas sobre a participación do noso programa no piloto de acreditación.
2. Na actualidade temos 75 alumnos.
3. É probable que teñamos outras dúas CAPD o 13 e o 20 de febreiro.
4. Ten decidido abandonar a coordinación do programa polo que se convocará un proceso de elección.

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase por asentimento o acta de data 18/12/2018.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos orzamentos e distribución de bolsas de mobilidade para 2019.

Apróbase distribuír o orzamento de 8.798,00 €do seguinte xeito:

Gastos- Conceptos	
Asignación mobilidade alumnos	5.000,00 €
Curso de inglés	1.300,00 €
Organización Xornadas Avaliación Alunos- Conferenciantes estranxeiros	2.198,00 €
Protocolo	300,00 €
Total	8.798,00 €

Apróbase a distribución de bolsas de mobilidade do Anexo 1 cos criterios de avaliación sinalados tamén nese anexo.

Punto 4. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Mariem Hmila; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.

Apróbase a derradeira versión do Plan de Investigación da alumna.

Apróbase recoñecer as seguintes actividades formativas:

Artigos en revistas científicas internacionais:

- Miguel Rodríguez Pérez et al. “Optimum Traffic Allocation in Bundled Energy-Efficient Ethernet Links”, publicado no IEEE Systems Journal 12 (Mar. 2018), pp. 593–693
- Mariem Hmila et al. “Energy Efficient Power and Channel Allocation in Underlay Device to Multi Device Communications”, enviado ó IEEE Transactions on Communications (2018)

Comunicacións en congresos internacionais:

- Mariem Hmila, Manuel Fernández Veiga, Miguel Rodríguez Pérez, “Matching-Theory-Based Resource Allocation for Underlay Device to Multi-Device Communications” The 14th International Conference on Wireless and Mobile Computing, Networking and Communications (WIMOB), Limassol, Cyprus, October 2018.
- Mariem Hmila, Manuel Fernández Veiga, Miguel Rodríguez Pérez, “Distributed Resource Allocation Approach For Device-to-Device Multicast Communications” The 14th International Conference on Wireless and Mobile Computing, Networking and Communications (WIMOB), Limassol, Cyprus, October 2018.

- Mariem Hmila, Manuel Fernández Veiga, “Energy-efficient Power Control and Clustering in Underlay Device to Multi-Device Communications”, The 15th International Conference on Wired/Wireless Internet Communications (IFIP WWIC 2017), St. Petersburg, Russia, June 2017.

Acordase non recoñecela actividade baixo o epígrafe “Capítulos de libro” por corresponder con actas dun congreso.

Apróbase a avaliación anual da alumna correspondente ó curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2014/15 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten un artigo publicado nunha revista científica internacional e ten feito o envío doutro, segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito tres comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de **Mariem Hmila**, titulada “**Interference Management in Device-to-Device Multicast Communication in 5G Networks**”, dirixida polos profesores Manuel Fernández Veiga e Miguel Rodríguez Pérez.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Larrabeti López, David	Universidad Carlos III de Madrid	Presidente
2	López Soler, Juan Manuel	Universidad de Granada	Secretario
3	Díaz Redondo, Rebeca P.	Universidad de Vigo	Vogal
4	Soto Campos, Ignacio	Universidad Carlos III de Madrid	Suplente
5	Cervelló i Pastor, Cristina	Universidad Politécnica de Cataluña	Suplente
6	Herrería Alonso, Sergio	Universidad de Vigo	Suplente

Punto 5. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Carmen Magariños Iglesias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.

Apróbase a derradeira versión do Plan de Investigación da alumna.

Apróbase a avaliación anual da alumna correspondente ó curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2013/14 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
4. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2013/14, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
5. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten dous artigos publicados en revistas científicas internacionais, segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
6. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito unha comunicación segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de **Carmen Magariños Iglesias**, titulada “**Voice Personalization and Speaker De-Identification in Speech Processing Systems**”, dirixida polos profesores Eduardo Rodríguez Banga e Daniel Erro Eslava.

A alumna **Carmen Magariños Iglesias** ten feito dúas estancias, unha no Cognitive Systems Lab, Karlsruhe Institute of Technology (Alemania), autorizada e avaliada positivamente na CAPD do 25/04/17, durante un mes e outra no Centre for Speech Technology Research, The University of Edinburgh (Reino Unido), autorizada na CAPD do 25/04/17, e avaliada favorablemente na CAPD do 29/6/2018, durante tres meses. Ademais a Tese está redactada en inglés, e presenta dous informes favorables redactados por dous expertos de institucións estranxeiras, polo que se admite que a Tese opte a **mención internacional**.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Montero Martínez, Juan Manuel	Universidad Politécnica de Madrid	Presidente
2	Navas Cordón, Eva	Universidad del País Vasco	Secretario
3	Stylianou, Yannis	University of Crete	Vogal
4	Torres Guijarro, María Soledad	Universidade de Vigo	Suplente
5	Zorilă, Tudor-Cătălin	Toshiba Cambridge Research Lab, UK	Suplente
6	Alba Castro, José Luis	Universidade de Vigo	Suplente

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de asignación de directores de tese.

Apróbase a seguinte asignación:

Estudiante	Director	Co-director
Fernandes da Silva, Bruno Miguel	Juan Carlos Burguillo	Manuel Caeiro Rodríguez
Fondo Ferreiro, Pablo	Felipe Gil-Castiñeira	
Liz Domínguez, Martín	Martín Llamas Nistal	Manuel Caeiro Rodríguez
Otero Gonzalez, Ivan	Domingo Docampo Amoedo	
Pinto da Silva Ulisses, João	Rebeca P. Díaz Redondo	Ana Fernández Vilas

Queda pendente de asignación o alumno Nuno Melo Figueiredo.

Punto 7. Aprobación, se procede, da expresión de interese na modificación do programa de doutoramento.

Apróbase a expresión de interese a fin de poder mellorar o proceso de admisión, actividades recoñecidas e criterios de admisión a trámite de teses

8.- Análise de resultados da enquisa realizada a titores e directores de tese de doutoramento

Coméntanse os resultados. A avaliación media do programa está por enriba dun 2,5 e é similar a media de todos os programas. Detéctanse puntuacións negativas en aspectos relacionados coa financiación da mobilidade e co trámite das teses de doutoramento. Estes problemas son comúns a case que todos os programas de doutoramento e non son específicos de DocTIC. Xa foran detectados no seguimento do programa de doutoramento e incluídas as correspondentes accións de mellora, consistentes fundamentalmente en peticións de cambios nestes dous aspectos á EIDO.

Redactarase un informe para a súa aprobación na próxima CAPD.

9.- Asuntos de trámite

Recoñécense como actividades do programa as cinco publicacións internacionais de Sonia María Valladares Rodríguez. Non se aproba a solicitude recoñecemento de comunicación en congreso internacional por falta de documentación. Non se autoriza a estadía solicitada por falta de informe do titor xustificando o interese da mesma para a realización da tese de doutoramento.

Recoñecese o artigo en revista internacional de Francisco de Arriba Pérez como actividade do programa.

Recoñecese como actividade do programa de doutoramento a comunicación de Carmelo Branimir España Villegas nun congreso internacional.

Acordase a baixa administrativa de Vicente Goyanes de Miguel no programa por non terse matriculado este curso.

Aceptase a baixa de Javier Rodríguez Fernández no programa de doutoramento a petición propia.

Nomease codirector de tese de Mina Namaziesfanjani a Erman Aiday.

10.- Rogos e preguntas

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo

ANEXO 1

- Programa de doutoramento: Tecnoloxías de la información y las comunicaciones

Crédito asignado: 5000 euros

Bolsas convocadas: 8

Nº Id.(1)	Tipo(2)	Perfil	Nº de bolsas
	Indistinto: A/B/C/D/E	Indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso o escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación	8

Criterios de valoración (3):

- **Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: 40 puntos**
 - a) Congresos
 - 0 puntos se xa cumpre o requisito de presentación dunha comunicación no período de doutoramento
 - 30 puntos se non cumpre o requisito pero ten informe favorable do titor
 - 40 se ademais espera o depósito da Tese este ano
 - b) Cursos
 - 20 se é un curso de doutoramento
 - 10 se non o é, pero conta có informe favorable do titor
 - c) Estadías
 - 20 se é nunha Universidade ou centro de investigación

- **Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso: 50 puntos**
 - a) Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus. 50 puntos si el congreso es Scopus
 - b) No caso de estadías ou cursos de investigación
 - a. Se a estadía es en Vigo e supón un cambio de residencia 50 puntos
 - b. Se a estadía/curso é nunha Universidade ou Centro de Investigación estranxeiro e supón un cambio de residencia: 30 puntos
 - c. Se a estadía é noutro tipo de centro estranxeiro: 20 puntos.

- **Méritos curriculares dos/as solicitantes: 10 puntos**
 - 0 puntos se non ten congresos nin publicacións internacionais
 - 5 puntos se ten congresos internacionais
 - 10 puntos se ten congresos e publicacións internacionais ou ten dous mestrados.